

PRESENTACIÓN MATERIA

MATERIA	Investigación e Tratamento da Información	CURSO	1º / 2º ESO
CURSO ACADÉMICO	2017-2018	PROFESOR	Antonio García Pereira

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 1. A BIBLIOTECA, PUNTO DE ACCESO Á CULTURA IMPRESA E DIXITAL.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B1.1.A biblioteca como espazo de acceso á información.	INEINB1.1.1. Utiliza a biblioteca do seu centro para cubrir necesidades de lectura e de información. INEINB1.1.2. Utiliza a biblioteca do centro na procura de recursos informativos para os seus traballos individuais e grupais.
B1.2. As bibliotecas como espazos culturais.	INEINB1.2.1. Utiliza outros tipos de biblioteca aos que pode ter acceso no seu contorno máis próximo.
B1.3. Recursos informativos: fontes orais, recursos físicos e virtuais.	INEINB1.3.1. Diferencia os documentos informativos en función do seu contido. INEINB1.3.2. Acode ás fontes orais de referencia no seu contorno máis próximo para determinadas necesidades informativas. INEINB1.3.3. Accede de forma autónoma a contidos audiovisuais, presenciais ou virtuais.
B1.4. Estratexias de procura eficaz.	INEINB1.4.1. Distingue as ideas principais das secundarias nos documentos consultados. INEINB1.4.2. Recupera de forma eficaz contido informativo dos recursos dixitais.
B1.5. Dereitos de autoría	INEINB1.5.1. Identifica e respecta a autoría de textos ou imaxes.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 2. FONTES INFORMATIVAS. LOCALIZACIÓN E SELECCIÓN.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B2.1. Recursos físicos. Sistemas estandarizados de organización da biblioteca.	INEINB2.1.1. Identifica os códigos da CDU polos que están organizados os fondos. INEINB2.1.2. Recupera facilmente os documentos que precisa.
B2.2. Procuras no catálogo informatizado da biblioteca escolar.	INEINB2.2.1. Realiza procuras no catálogo por autor/a, título ou materia. INEINB2.2.2. Localiza documentos, en función das súas necesidades informativas, no catálogo web da biblioteca.
B2.4. Recursos dixitais, Internet como fonte de información	INEINB2.4.1. Usa Internet de xeito autónomo para resolver necesidades de información. INEINB2.4.2. Utiliza Internet valorando as características deste medio en relación a aspectos como a permanencia, a fiabilidade, a veracidade, a organización, a selección, a gratuidade, a dispoñibilidade, a autoría, etc.
B2.5. Necesidade dun plan de procura de información. Palabras clave e outras estratexias de procura. Motores de procura.	INEINB2.5.1. Establece un sistema de procura eficaz de información. INEINB2.5.2. Utiliza palabras clave e aplica estratexias eficaces de procura para localizar información na web. INEINB2.5.3. Identifica produtos informativos diferentes en función das súas necesidades e dos seus obxectivos de traballo. INEINB2.5.4. Emprega prensa e revistas dixitais como fonte informativa.
B2.6. Espazos web e redes sociais como plataformas de comunicación e información.	INEINB2.6.1. Intervén nas redes sociais creadas no seu centro respectando as finalidades para as que foron creadas: educativa, participativa, etc.

B2.7. Beneficios e riscos da rede. Dereito de privacidade.	INEINB2.7.1. Navega por Internet con seguridade preservando a súa identidade e a súa privacidade.
B2.8. Fiabilidade dos espazos web.	INEINB2.8.1. Distingue webs fiables en función de determinados criterios: autoría, data de actualización, tipo de dominio, finalidade, publicidade, contacto, etc.
B2.9. Internet e as creacións colectivas: Galipedia, Wikipedia, etc.	INEINB2.9.1. Emprega as creacións colectivas en Internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
B2.10. Valoración da información recollida na rede.	INEINB2.10.1. Compara a información recollida en distintas fontes informativas na rede. INEINB2.10.2. Contrasta a información recollida na rede con outras fontes orais ou impresas.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 3. ORGANIZARSE PARA INVESTIGAR.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B3.1. Procesos de investigación.	INEINB3.1.1. Identifica os obxectivos do traballo de investigación e as súas fases.
B3.2. Planificación dun proxecto de investigación.	INEINB3.2.1. Elabora un esquema do traballo que se vaia realizar.
B3.3. Traballo en grupo.	INEINB3.3.1. escoita aos integrantes do grupo, garda a quenda de palabra, argumenta as súas opinións e respecta as opinións das outras persoas. INEINB3.3.2. Contribúe á distribución de tarefas e responsabilízase das que lle corresponden.
B3.4. Preparación da procura informativa.	INEINB3.4.1. Formula preguntas sobre o tema sobre o que se vai investigar.
B3.5. Recuperación dos coñecementos previos e definición de obxectivos de procura.	INEINB3.5.1. Concreta os conceptos clave que van guiar o traballo de procura de información.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 4. PROCURA E TRATAMENTO DA INFORMACIÓN.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B4.1. Necesidades informativas, fontes de información e procesos de procura, valoración e selección de información.	INEINB4.1.1. Identifica o tipo de información que precisa en función duns obxectivos. INEINB4.1.2. Localiza os recursos dispoñibles e acordes á súa necesidade informativa. INEINB4.1.3. Concreta o proceso de procura de información. INEINB4.1.4. Escolle os recursos informativos que precisa de forma eficaz.
B4.2. Análise e comprensión da información atopada.	INEINB4.2.1. Comprende e analiza textos continuos e discontinuos, e sabe extraer as ideas principais. INEINB4.2.2. Deduce información implícita ou explícita dos contidos audiovisuais e dos textos dos medios de comunicación.
B4.3. Interpretación e valoración da información atopada.	INEINB4.3.1. Selecciona a información tras valorala seguindo uns determinados criterios (pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.)
B4.4. Proceso de información: extracción e síntese.	INEINB4.4.1. Sintetiza a información atopada en función dos obxectivos do traballo.
B4.5. Citas e referencias.	INEINB4.5.1. Compila as fontes consultadas e citaas correctamente.

CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE ASOCIADOS. BLOQUE 5. XERACIÓN DE CONTIDOS E COMUNICACIÓN.

Descrición do contido	Estándares de aprendizaxe
B5.1. Organización e reelaboración da información.	INEINB5.1.1. Realiza esquemas, mapas conceptuais, guións, etc. para organizar a información recuperada.
B5.2. Estruturación da información mediante gráficos, diagramas, etc.	INEINB5.2.1. Representa mediante gráficos, diagramas, cadros de dobre entrada, organigramas, etc. parte da información recuperada.
B5.3. Reelaboración e personalización da información.	INEINB5.3.1. Elabora guións para estruturar os textos creados a partir da información reunida.
B5.4. Presentación dos produtos informativos propios. Pautas para a presentación de traballos escritos.	INEINB5.4.1. Presenta os seus traballos segundo unhas pautas consensuadas: paxinación, índice, bibliografía, etc. INEINB5.4.2. Elabora textos propios mediante un procesador de textos.
B5.5. Elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.	INEINB5.5.1. Elabora material de apoio para as súas presentacións orais. INEINB5.5.2. Realiza sinxelas presentacións para amosar o resultado dos seus traballos de investigación.
B5.6. Citas e referencias nos traballos informativos (artigos, monografías, presentacións, produtos audiovisuais, etc.).	INEINB5.6.1. Cita con corrección os libros consultados. INEINB5.6.2. Segue unha pauta para facer a referencia de artigos de revistas, música, películas, páxinas de Internet, autoría de imaxes, etc.
B5.7. Tratamento e edición de produtos dixitais (presentacións, vídeos, etc.).	INEINB5.7.1. Incorpora imaxes aos seus traballos de investigación.
B5.8. Características dos textos dixitais eficaces.	INEINB5.8.1. Respecta unhas pautas mínimas na produción de textos dixitais.

<p>B5.9. Exposicións orais dos traballos realizados. Escoita atenta e respecto polo traballo das demais persoas.</p>	<p>INEINB5.9.1. Participa na presentación oral dos traballos elaborados. INEINB5.9.2. Defende con argumentos as opinións propias e respecta o traballo alleo. INEINB5.9.3. Escoita con atención as presentacións dos compañeiros e das compañeiras, e valora con argumentos o seu traballo.</p>
<p>B5.10. Avaliación e aplicación das aprendizaxes realizadas a través dos traballos de investigación á vida persoal, académica e social.</p>	<p>INEINB5.10.1. Avalía, a través dos instrumentos que se lle ofrecen, a súa participación no proceso dun traballo de investigación, individual ou grupal. INEINB5.10.2. Identifica e valora as aprendizaxes realizadas. INEINB5.10.3. Valora con criterio e respecto o traballo das outras persoas. INEINB5.10.4. Incorpora as aprendizaxes realizadas a novos procedementos de traballo e de relación no medio escolar e social.</p>

CRITERIOS, ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Bloque 1. A biblioteca, punto de acceso á cultura impresa e dixital.

- B1.1. Utilizar a biblioteca como espazo de acceso á información presencial ou virtual.
- B1.2. Identificar a biblioteca do centro e outras bibliotecas do contorno máis próximo, como espazos culturais dispoñibles á hora de cubrir as necesidades de lectura e de información.
- B1.3. Identificar os recursos informativos dispoñibles segundo tipoloxía, soportes e formatos.
- B1.4. Adaptar as estratexias de procura ás características dos recursos dixitais.
- B1.5. Recoñecer os dereitos de autoría.

Bloque 2. Fontes informativas. Localización e selección.

- B2.1. Coñecer a organización da biblioteca e a CDU como sistema estandarizado.
- B2.2. Comprender e saber utilizar o catálogo informatizado da súa biblioteca.
- B2.4. Acceder á rede e coñecer os recursos dispoñibles a través de Internet.
- B2.5. Planificar as procuras informativas e empregar con eficacia palabras clave para a obtención de información e uso de motores de procura diversificados.
- B2.6. Coñecer as redes sociais e os espazos web creados na aula, na biblioteca e no centro, e participar neles.
- B2.7. Valorar os beneficios e os riscos da rede.
- B2.8. Coñecer e usar os criterios para identificar os espazos web fiables.
- B2.9. Valorar as creacións colectivas en Internet: Wikipedia, Galipedia, etc.
- B2.10. Avaliar de forma crítica a información recollida e contrastar información en distintas fontes.

B3. Organizarse para investigar.

- B3.1. Recoñecer os pasos para seguir un proceso de investigación.
- B3.2. Planificar o proceso de procura e recuperación da información.
- B3.3. Organizar o traballo a nivel individual ou grupal, e responsabilizarse das tarefas adxudicadas.
- B3.4. Identificar o tema para investigar e os aspectos clave.
- B3.5. Recuperar os coñecementos previos sobre o tema e definir os aspectos sobre os que precisa informarse.

B4. Procura e tratamento da información.

- B4.1. Identificar o tipo de información que se precisa, localizar as fontes informativas dispoñibles, realizar consultas informativas seguindo un plan deseñado previamente e empregar o recurso informativo máis apropiado ao tipo de información que se precisa.
- B4.2. Ler de forma comprensiva textos informativos de diferente tipoloxía (continuos, discontinuos, e procedentes dos medios de comunicación e dos medios audiovisuais).
- B4.3. Valorar a información atopada en función de determinados criterios: pertinencia, veracidade, fiabilidade, etc.
- B4.4. Extraer a información precisa, en función dos obxectivos do traballo, de forma sintetizada.
- B4.5. Recoller as fontes consultadas para os efectos de citas correctamente no produto final.

B5. Xeración de contidos e comunicación.

- B5.1. Organizar a información recuperada de distintas fontes, xerarquizándoa e plasmándoa en esquemas, mapas conceptuais, guións, etc.
- B5.2. Elaborar diagramas, gráficos, cadros de dobre entrada, organigramas, etc. coa información recuperada.
- B5.3. Estructurar mediante un guión textos propios, expositivos, descritivos e explicativos, a partir da información reunida.
- B5.4. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de traballos escritos (paxinación, índice, bibliografía, etc.), utilizando procesadores de texto de forma autónoma.
- B5.5. Coñecer e aplicar as pautas formais para a elaboración de materiais de apoio ás presentacións orais.
- B5.6. Coñecer e empregar correctamente unhas pautas polas que se rexe a forma de citar diferentes fontes.

B5.7. Incorporar imaxes aos traballos escritos ou ás presentacións cun tratamento adecuado.

B5.8. Identificar e valorar as pautas para a produción de textos dixitais eficaces (lonxitude dos textos escritos, presentacións eficaces, etc.).

B5.9. Expor de forma ordenada e a partir dun guión previo o traballo realizado, argumentando as opinións propias de xeito razoable e con respecto polas pautas da comunicación grupal (escoita atenta, respecto pola opinión das outras persoas, quendas de palabra, etc.).

B5.10. Avaliar o proceso de elaboración do traballo feito, e tomar consciencia das aprendizaxes realizadas, e aplicar os coñecementos adquiridos á súa vida persoal, académica ou social.

ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS

1. Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e as súas características individuais e/ou estilos de aprendizaxe, co fin de conseguir que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento das súas capacidades. Así mesmo, favorecerase a capacidade do alumnado para aprender por si mesmo, para traballar en equipo e promover o traballo en equipo, e para aplicar métodos de investigación apropiados.

2. A metodoloxía favorecerá o traballo individual e en grupo, o pensamento autónomo, crítico e rigoroso, o uso de técnicas e hábitos de investigación en distintos campos do saber, a capacidade do alumnado de aprender por si mesmo, así como a transferencia e a aplicación do aprendido.

3. As tecnoloxías da información e da comunicación serán unha ferramenta necesaria - para a aprendizaxe, tanto polo seu carácter imprescindible como pola súa utilidade e relevancia para a vida cotiá e a inserción laboral.

4. O alumnado debe adquirir, ademais, un manexo adecuado da información en diferentes soportes e procedente de distintas fontes, incluída a biblioteca escolar, en liña co concepto de alfabetizacións múltiples

5. A profesora distribuirá os contidos ao longo do curso para facilitar a súa aprendizaxe do seguinte xeito

1º Trimestre: Bloques 1 e 2.

2º Trimestre: Bloques 3 e 4.

3º Trimestre: Bloque 5.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizaranse tres avaliacións, unha por trimestre. A súa valoración queda do seguinte xeito:

- 35% da nota final correspóndese coa acadada nun traballo individual (oral ou escrito) realizado en cada avaliación.
- 35% da nota final dependerá da valoración dun traballo en grupo realizado en cada avaliación.
- 20% da nota final será definida polo traballo diario, valorándose como tal: realizar tarefas de casa (0.5), realizar tarefas de aula (0.5), traballar co material axeitado (0.5) e manter unha conducta e actitude positiva nas clases (0.5).
- 10% da nota final correspóndese coa acadada nunha proba escrita tipo test sobre os contidos teóricos vistos en cada avaliación.

Descontarase 0.15 por cada falta de ortografía e ata 1 punto por faltas de coherencia, cohesión e adecuación nas exposicións escritas.

Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa, e en tal caso lle corresponderá a cualificación de 0 puntos, si existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que outros copiaran do seu traballo, “apuntou” a un compañeiro ou participou en calquera actividade ou estratexia orientada a mellorar resultados por procedementos deshonestos (nun exame final o alumno quedaría convocado para o exame extraordinario de setembro).

Do mesmo xeito, se un alumno non entrega ou leva un exame, ou ben se extravía involuntariamente, actuarase do seguinte modo:

- Si o profesor reconece o seu extravía, tendo en conta as notas anteriores do alumno, daralle a posibilidade de facer outro exame, ou ben o cualificará cun 5.
- Si é o alumno, o que leva o que leva o exame, automaticamente se cualificará coa nota mínima.
- En caso de dúbida por ambas partes, darase a opción dun novo exame, e en todo caso se confiará na palabra e a profesionalidade do docente, despois de revisar a traxectoria do alumno.

Asemade, o profesor poderá rexeitar un exame ou exercicio escrito si a súa presentación ou caligrafía o fan ilexible, neste caso, quedará ó seu criterio a realización dunha proba oral.

Tendo en conta que a nota da avaliación é sumativa de varios apartados, é necesario para poder facer media ter superado ó menos o 30% do valor da proba. En caso de sacar un 0 nalgunha das partes, non se achará a nota media e a avaliación será negativa.

En canto á actitude, é de supoñer que en Educación Secundaria Obrigatoria o comportamento debería ser adecuado, de modo que só se valorarán negativamente:

- Non presta atención e molesta, se lle advirte verbalmente e se desconta 0.5 puntos
- Non se esforza por mellorar, non fai as tarefas diarias nin presenta traballos, -0.5 puntos.
- Utiliza unha linguaxe inapropiada, soez ou vulgar nas súas intervencións -0.5 puntos.

PROMOCIÓN

A nota final da materia obtense facendo unha media aritmética entre as tres avaliacións sempre que a cualificación non sexa negativa en dous trimestres. Nese caso haberá que recuperar os trimestres completos. A nota final redondéase á alza a partires do medio punto, sempre e cando a nota sexa superior a 5. Así, un 4,5 é un insuficiente; mentres que un 5,5 é un 6.

No caso de obter unha nota menor de 5, o alumno deberá presentar en xuño un traballo global e realizar unha proba escrita consistente nun cuestionario de 10 preguntas, sobre os contidos dos cinco bloques.

A proba extraordinaria de setembro estará rexida polos mesmos criterios e estrutura que a proba ordinaria de xuño.